

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xullo de 2021**

Ás 17.40 horas do día 21 de xullo de 2021, réunese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asisten os deputados do Grupo Popular don Plácido Álvarez Dobaño e don Álvaro José Fernández López (substituídos, respectivamente, por dona Ana María Villarino Pardo e don Jorge Pumar Tesouro).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de xuño de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 16 de xuño de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O TORNEO DE BALONMÁN QUE TIVO LUGAR OS DÍAS 28 E 29 DE XUÑO DE 2021 NO PAZO DOS DEPORTES.-

Dáse conta do acordo mencionado. A comisión queda informada.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE FIXACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA O CAMPAMENTO MUSICAL INFANTIL-XUENIL MUSICCAMP 2021.-

Dáse conta do acordo mencionado. A comisión queda informada.

4º.- PROGRAMACIÓN DO CURSO 2021-2022 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DO CCP XAQUÍN LORENZO-ESCOLA DE DANZA.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da/do deputada/o non adscrita/o (2) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación das actividades do CCP Xaquín Lorenzo-Escola de Danza para o curso 2021-2022, co seguinte contido:

1.- ACTIVIDADES:

- 1– Obradoiro de baile tradicional.
- 2– Obradoiro de canto tradicional e pandeireta.
- 3– Obradoiro de gaita para grupos de acompañamento de baile tradicional.
- 4– Obradoiro de tecido artesán en teares tradicionais.
- 5– Obradoiro de xogos populares

Obradoiro de baile tradicional: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Número de prazas por actividade 200.
- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ata o 15 de xuño.
- Horarios de luns a sábado de 17.30 a 21.00 en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase será de 1,30 horas semanais.

Obradoiro de canto tradicional e pandeireta: dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Número de prazas por actividade 150.
- Duración do curso: dende o día 14 de outubro ate o 15 de xuño.
- Horarios de luns a venres de 17.30 a 20.30 en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase será de 1,30 horas semanais.

Obradoiro de Gaita para acompañamento de grupos de baile tradicional: Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de oito anos sen límite de idade.

- Duración do curso: dende o día 14 de outubro ata o 15 de xuño.
- Número de prazas: 30.
- O tempo de clase: 1 hora semanal.
- Horario: venres de 19.30 a 22.00 en función da dispoñibilidade, da idade e do nivel dos alumnos.

Obradoiro de tecido artesán en teares tradicionais: orientado para adultos.

- Número de prazas por curso 30.
- Duración do curso:
 - 1º curso dende o día 1 de outubro ata o 31 de xaneiro.
 - 2º curso dende o día 1 de febreiro ata o 15 de xuño.
- Horarios de luns a venres de 17.00 a 20.00 horas (opción de realizalo un día pola mañá).
- Tempo de clase 3 horas semanais.

Obradoiro de xogos populares: programa gratuíto dirixido a todos os centros educativos de educación primaria e secundaria da provincia de Ourense.

- Duración do curso: o obradoiro realizarase en cada centro entre os meses de novembro e xuño en horario lectivo, con adaptación ao horario lectivo do centro.
- No período de xuño ata setembro as actividades levaranse a cabo nos concellos e asociacións da provincia, logo de solicitude previa.
- Recursos materiais. O CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

2.- PRAZOS E PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN.

- Dende o día 14 de setembro ata o día 31 de outubro formalización da matrícula.
- As inscricións realizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, Praza Daniel González, no modelo normalizado facilitado no propio Centro previo pago das taxas establecidas.
- Os centros interesados no obradoiro de xogos populares deberán remitirle a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e ata o día 18 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo.

3.- PREZO PÚBLICO.

- Prezo público das actividades de baile, de canto e pandeireta, e de gaita: será de 40 € en concepto de matrícula. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagará o total da matrícula e os restantes 15 € cada un deles. Para os alumnos que pagaron a matrícula do curso 2020-2021, curso que non se puido iniciar ata mediados de marzo de 2021 pola situación pandémica provocada pola COVID-19, a matrícula será gratuíta.
- Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.
- Prezo público por cada obradoiro de tecido tradicional en teares: será de 55 € en concepto de matrícula.

A programación dos diferentes cursos así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

5º.- PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS PARA O CURSO 2021-2022

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da/do deputada/o non adscrita/o (2) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación ca Escola Provincial de Gaitas para o curso 2021-2022, co seguinte contido:

Seguindo a programación académica contida nos programas dos distintos cursos, a actividade docente iniciárase o 1 de outubro e rematará o 30 de xuño, impartíndose hora e media semanal por materia, á parte do mesmo tempo de ensaio semanal e actuacións coas distintas agrupacións da Escola.

Cada disciplina contará con profesor específico.

A actividade docente realizarase na Escola Provincial de Gaitas situada no Campus Universitario de Ourense.

Cada alumno achegará o seu material didáctico.

O prazo de matrícula será do 1 de setembro ao 29 de outubro, ambas datas incluídas. Excepcionalmente poderanse realizar matrículas ao longo do curso, especialmente cando se trate de alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

O prezo da matrícula por curso académico e materia (gaita, percusión, zanfona, canto e pandeireta) será de 40 €. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagará 40 € por matrícula e os restantes 15 € cada un deles.

Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.

A programación dos cursos así como toda a información estará dispoñible para os interesados nas dependencias da Escola de Gaitas.

OFERTA DE PRAZAS

CICLO ELEMENTAL GAITA

Preparatorio 1: 20 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

CICLO MEDIO GAITA

1º Curso: 40 prazas

2º Curso: 40 prazas

3º Curso: 40 prazas

CICLO SUPERIOR GAITA

1º Curso: 10 prazas

2º Curso: 10 prazas

3º Curso: 10 prazas 4º

Curso: 5 prazas

CURSO ADULTOS GAITA

1º Curso: 40 prazas

2º Curso: 20 prazas

P E R C U S I Ó N

1º Curso: 20 prazas

2º Curso: 20 prazas

3º Curso: 20 prazas

Curso especial: 10 prazas

CANTO E PANDEIRETA

Preparatorio 1: 15 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

1º Curso: 20 prazas

2º Curso: 20 prazas

3º Curso: 20 prazas

CURSO ADULTOS CANTO E PANDEIRETA

1º Curso: 30 prazas

2º Curso: 30 prazas

ZANFONA

1º Curso: 10 prazas

2º Curso: 10 prazas

3º Curso: 10 prazas

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

6º.- PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE ARTES E OFICIOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2021-2022

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que a programación que se presenta ten, na súa opinión, bastantes lagoas, xa que, a diferenza das outras, non se indican os días en que van ter lugar as actividades, número de prazas que se ofertan, nin unha previsión de matrículas que se permitirán.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da/do deputada/o non adscrita/o (2) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar a programación da Escola de Artes e Oficios para o curso académico 2021-2022, co seguinte contido:

1.- Accións formativas

A Escola desenvolverá a formación nas seguintes disciplinas artísticas:

Debuxo e iniciación á pintura

Perfeccionamento en pintura

Talla e escultura en madeira

Modelado-escultura en barro

Oleiría

2.- Calendario

O calendario do curso será dende o día 1 de outubro de 2021 ao día 30 de xuño de 2022.

Impartiranse dúas (2) horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, de luns a venres, e en horarios que fixará a Dirección da Escola. Os profesores disporán dunha (1) hora diaria de preparación das súas clases.

En función da matrícula existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes. Por razón de seguridade en materia sanitaria, estableceranse dúas quendas en días alternos, se a matrícula o fai preciso.

A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios e materiais dispoñibles. Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etcétera) será por conta deste. Como excepción, no curso de oleiría e modelado, a Deputación poderá adquirirlle o barro a un distribuidor e cobrarlle ao alumno a prezo de custo, sen prexuízo de que estes poidan adquirilo pola súa conta, se así o desexan. Este curso, as disciplinas de debuxo e iniciación á pintura e perfeccionamento en pintura poderían desenvolverse nunhas novas instalacións.

3.- Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas acción formativas:

O prazo de inscrición será durante os días 1 ao 30 de setembro de 2021, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” (rúa Progreso, n.º 30) no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso da matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación de pago da matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta. Poderán matricularse alumnos a partir dos 12 anos de idade.

4.- Prezos públicos pola participación en acción formativas:

Matrícula anual por disciplina: 50,00 €

Aboamento mensual por disciplina: 10,00 €/mes por alumno

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

O pago da cota mensual deberase de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días de cada mes. A falta de pago dará lugar de forma automática á suspensión do dereito de asistencia ao curso, que se manterá ata que se realice o referido pago.

O prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente.

Bonificacións: En todos os prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que teñan a condición de desempregados. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante unha certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese una bonificación do 100% tanto na matrícula anual como no aboamento mensual en todas as disciplinas para as persoas con síndrome de Down e persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. Para o acceso á dita bonificación, os interesados deberán acreditar o seu grao de discapacidade.

2º) Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

7º.- EXPEDIENTE N° 7/2021 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN E DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.-

O Sr. interventor expón o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que se trata de modificacións a instancia dos beneficiarios, se ben hai algunha que lle chama a atención, como a do Concello de Punxín que pasa dun gasto de acción social a obras en infraestruturas ou a do Concello de Xunqueira de Ambía, onde se indica que o motivo do cambio é porque se trata dunha obra xa executada en 2019, preguntando se isto non se podía ter previsto xa cando se incorporou esta subvención como nominativa no orzamento provincial. Engade que en todas estas incidencias o que subxace é a necesidade dun plan único de cooperación para os concellos.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que tamén lle xera moitas dúbidas o cambio de finalidade da subvención de Xunqueira de Ambía, preguntando se as facturas da execución da obra están sen pagar, xa que non acaban de entender a falta de previsión tanto do Concello como da Deputación neste asunto.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da/do deputada/o non adscrita/o (2) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación n.º 7/2021 das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense, nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións” na MC 3/2021 aparecía unha subvención nominativa ao Concello de Carballeda de Valdeorras para a instalación de vidreiras na igrexa parroquial de Sobrado por importe de 10.127,70 €.

Na MC 5/2021 procedeuse ao **cambio de beneficiario** da subvención, pero por un erro non se modificou a aplicación orzamentaria, sendo a correcta **336.11/789.04 “Bispado de Astorga. Patrimonio histórico Artístico. Outras transferencias”**.

Como é unha transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto e conforme co establecido no artigo 179.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, é competencia do Pleno a aprobación deste cambio.

336.11/789.04 “Bispado de Astorga. Patrimonio histórico Artístico. Outras transferencias”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Diocese de Astorga	Instalación e colocación de vidreiras na igrexa parroquial de Sobrado	10.127,70 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria **313.31/627.02** “Termalismo. Plan Ourense provincia termal” nos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2021 existía crédito para o proxecto do Concello de Cortegada cuxa finalidade é a construción dun muro de protección do edificio do balneario histórico de Cortegada, encomendándolle na MC 3/2021 a instrución do expediente á Sección de Contratación da Deputación Provincial de Ourense.

O alcalde do dito Concello, na solicitude presentada o 18 de xuño de 2021, comunica que a obra está cofinanciada, na que o concello se compromete a achegar con cargo ao seu

orçamento a diferenza entre a realización total da obra (48.398,62, IVE incluído) e a achega da Deputación (48.000,00 €), por tanto, 398,62 euros.

Polo exposto, solicita que o expediente se lle encomende á Sección de Subvencións en lugar de Contratación por tratarse dunha obra cofinanciada.

Procédese neste acto, ao cambio de aplicación orzamentaria. Como é unha transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto e conforme co establecido no artigo 179.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, é competencia do Pleno a aprobación deste cambio.

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Cortegada	Construción dun muro de protección do edificio do balneario histórico de Cortegada	48.000,00 €

c) Mediante providencia de data 10 de maio de 2021, acórdase incoar expediente para a concesión ao Concello de Punxín dunha subvención nominativa para o servizo de conciliación familiar – aula de espera, por importe de 7.110,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación Provincial. A Concellos”.

O alcalde do Concello de Punxín, o 1 de xullo de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicita o **cambio de finalidade** da dita subvención para a realización dunha obra, “peche da área termal do Baño”, e, polo tanto, procédese neste mesmo acto ao cambio de aplicación orzamentaria ao cambiar de capítulo de gasto, quedando así da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Punxín	Peches da área termal do Baño	7.110,00 €

d) Mediante providencia de data 7 de maio de 2021, acórdase incoar expediente para a concesión ao Concello de Xunqueira de Ambía dunha subvención nominativa para

rehabilitación da antiga casa cuartel, por importe de 150.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións”.

O alcalde do Concello de Xunqueira de Ambia, o 26 de maio de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicita o **cambio de finalidade** da dita subvención engadindo o exercicio 2019, xa que a obra xa foi executada nese exercicio, polo tanto, queda da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Xunqueira de Ambia	Rehabilitación da antiga casa cuartel exercicio 2019	150.000,00 €

e) Mediante providencia de data 26 de abril de 2021, acórdase incoar expediente para a concesión a Sarabela Teatro dunha subvención nominativa para “ Semente de Nós”, por importe de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”.

Dona Isabel Gago Menéndez, en representación de Sarabela Teatro, CIF B 32.117.483, solicita que como vai ser unha actividade realizada en conxunto pola empresa Sarabela Teatro, SL e pola empresa Ollo Vivo, SL, que a cantidade asinada sexa dividida entre as dúas empresas participantes.

Os beneficiarios da subvención son empresas privadas, polo que se procede neste acto ao **cambio de aplicación orzamentaria, pasando do artigo 48 ao 49**, quedando do seguinte xeito a subvención concedida:

334.20/479.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Sarabela Teatro, S.L.	Semente de Nós	38.825,00 €
Ollo Vivo, S.L.		21.175,00 €

f) Mediante providencia de Presidencia de data 7 de maio de 2021, acordouse incoar expediente para a concesión dunha subvención nominativa ao concello de Pereiro de Aguiar para rehabilitación o proxecto cultural Ben-Cho-Sey, por importe de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/ 462.00 “Cooperación Provincial. A Concellos”.

O alcalde do Concello de Pereiro de Aguiar, o 7 de xullo de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicita o **cambio de finalidade** da subvención polo que é necesario realizar unha transferencia de créditos dentro da mesma área de gastos, do capítulo 4 **ao capítulo 7** de gastos do orzamento sen que isto afecte cuantitativamente ao orzamento.

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Pereiro de Aguiar	Proxecto cultural Ben-Cho-Sey: Adquisición de vivenda orixinaria en Caspiñón-Pereiro	60.000,00 €

2º.- Neste mesmo acto, incóase expediente de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto de conformidade cos artigos 179 e 180 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, 40 a 42 do RD 500/90, de 20 de abril, e a base 23ª das de execución do orzamento para o exercicio 2021.

2.1. - A transferencia de crédito é aquela modificación do orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total deste, se imputa o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

2.2 .- O suposto que nos ocupa supón unha serie de transferencias de crédito entre aplicacións orzamentarias de **distintas áreas** de gasto:

Aplicación que cede crédito	Aplicacións que reciben crédito

Aplicación	Importe	Aplicación	Importe
450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos Subvencións”	10.127,70 €	336.11/789.04 “Bispado de Astorga. Outras transferencias. Patrimonio histórico artístico”	10.127,70 €
Aplicación que cede crédito		Aplicacións que reciben crédito	
Aplicación	Importe	Aplicación	Importe
313.31/627.02 “Termalismo. Plan Ourense provincia Termal”	48.000,00 €	450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos Subvencións”	48.000,00 €

2.3.- As aplicacións orzamentarias afectadas atópanse nos supostos aos que se refiren os artigos 180 do TRLRFL, de 5 de marzo e 41 do RD 500/90, de 20 de abril:

- “Non afectarán aos créditos ampliábles nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.
- Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, salvo que afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiren a programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno”.

As transferencias que se propoñen afectan a aplicacións do orzamento de gastos pertencentes a distintas áreas de gasto, polo que conforme coa citada base de execución número 23 e co artigo 179 do TRLRHL correspóndelle a súa aprobación ao Pleno da Corporación.

3º.- De acordo cos artigos 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.